

**PROGRAMACIÓN TEATRAL. CICLO “ADOLFO MARSILLACH”**  
**“A PENSIÓN” a cargo de REDRUM TEATRO**

**O vindeiro venres día 8 de maio ás 20:30 horas no Edificio de Servicios Múltiples do Burgo, terá lugar a segunda das funcións teatrais que forman parte do programa dos Encontros Culturais de Primavera .Letras Galegas 2009 que organiza a Concellería de Cultura coa representación da obra “A PENSIÓN” a cargo de REDRUM TEATRO e baixo a dirección de Alex Sampayo director de éxitos televisivos como El Internado, Padre Casares ou Terra de Miranda.**

Despois do éxito do programa denominado “Primavera Máxica” na que participaron catro dos mellores magos galegos tócalle o turno ao teatro un total de sete representacións das mellores compañías teatrais galegas como son Sarabela Teatro, Redrum Teatro, Lagarta, Lagarta ,Teatro Lope de Vigo , Sal Monela Teatro, Ancora Producións ou a Escola Municipal de Teatro de Culleredo ou entre outras, que pasaran por Culleredo dende o vindeiro venres ata finais do mes de xuño. Destacar a estrea absoluta da obra “Logomonos”, a cargo de Áncora Producións o vindeiro 19 de xuño, compañía que nos últimos anos está a acadar numerosos éxitos na escena teatral.

Son xa máis de 20 anos de programación teatral estable no Concello de Culleredo. Ao longo deste tempo foron numerosos os esforzos dedicados a poder conseguir consolidar unha oferta teatral regular. Pero a constancia e a perseveranza dan os seus froitos e hoxe Culleredo é un referente neste ámbito artístico: son máis de vinte as representacións teatrais que, entre as tempadas de primavera e outono, se ofrecen ao cada día máis numeroso público.

O vindeiro venres día 8 de maio ás 20,30 horas, contaremos coa representación da obra “A Pensión” a cargo de Redrum Teatro.

A Pensión é un conto de suspense que explora as consecuencias da soidade. Mergullándose nun mundo interior complexo, produto do abandono, do illamento e da falta de comunicación. Fala de cómo todos estes factores poden corromper ao ser humano e despoxalo da capacidade de emocionarse e ser feliz. E de cómo isto desemboca nunha existencia gris, marcada polo silencio, pola desconfianza e a obsesión.

Na obra atopamos. Unha vella dominante e a súa irmá. Un mozo engaiolado nunhas mans maternais. Bonecas que falan e coñecen escuros segredos. estritas regras que se han de obedecer. Personaxes abandonados no fío da cordura.

Redrum Teatro é unha nova compañía creada por mozos procedentes de diferentes campos do sector audiovisual e que nace coa clara intención de ofrecer alternativas creativas que axuden ao desenvolvemento da industria teatral galega. Redrum Teatro aposta por conxugar grandes valores da nosa escena con novos creadores. Entre as máximas da compañía está aposta en escena de espectáculos dirixidos cara o público, primando a claridade nas historias e sen esquecer un coidado concepto artístico.

A *Pensión* está interpretada por Rosa Álvarez, Guillermo Carbajo e Tamara Canosa baixo a dirección de Alex Sampayo e Mónica García.

**Rosa Álvarez :**

2008. Os mortos van as presas. Dir. Ángel de la Cruz  
2007. As últimas lúas. Compañía Lagarta, Lagarta  
2006. Carambola (Cóncavo, Convexo). Compañía Lagarta, Lagarta  
2004. La buena caligrafía. Dir. Alex Sampayo.

**Guillermo Carbajo:**

2009. Matalobos. Serie para TVG  
2007. Valderrei. Serie para TVG.  
1999-2005. Pratos Combinados. Dir. Ernesto Chao e Chama Fernández.  
2000. Habitación Dobre. Dir. Xosé Lois López

**Tamara Canosa:**

2007. Pradolongo. Dir. Ignacio Vilar.  
2007. O espello. Dir. Alex Sampayo.  
2007. Valderrei. Serie para TVG.  
1999-2002. Mareas Vivas. Serie para TVG

**ALEX SAMPAYO:**


2008. El Internado. Serie de TV. Director.  
2008. Padre Casares. Serie de TV. Director.  
2007. O espello. Película para Tv. Director.  
2006. Terra de Miranda. Serie de Tv. Director.

**Está recomendada para público adulto e os prezos das entradas son de 3,50 € para público en xeral e 1,75 € para estudantes e maiores de 65 anos.**

**Culleredo, 4 de maio de 2009**

**O CONCELLEIRO DE CULTURA**

**Asdo.: Celestino Poza Domínguez**



# A PENSIÓN

UNHA OBRA DIRIXIDA POR ALEX SAMPAYO



A PENSIÓN  
UNHA OBRA DIRIXIDA POR ALEX SAMPAYO